

‘Contos coas mans abertas’ sensibilizará sobre a solidariedade internacional en vinte vilas galegas

- **O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade promove as representacións que se desenvolverán ata finais de ano en Concellos asociados á entidade**
- **O espectáculo da compañía A Tropa de Trapo, dirixido a público adolescente e adulto, inclúe música en directo con instrumentos de diferentes países**

Baiona, 4 de xuño de 2010. Esta fin de semana iníciase na vila ourensá de Ramirás a xira ‘Contos coas mans abertas’ promovida polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade dentro das súas actividades de sensibilización. O espectáculo músico-teatral creado expresamente para esta campaña pola compañía compostelá A Tropa de Trapo percorrerá ata finais de ano un total de vinte Concellos asociados á entidade municipalista galega. Canda Ramirás, son Arteixo, Porto do Son, Xove, Ferrol, Sada, Cambre, Salceda de Caselas, A Estrada, Culleredo, Ames, Nigrán, Mos, Verín, Cangas, Carballo, Burela, Abegondo, O Valadouro e Poio os lugares seleccionados para acoller as representacións.

A proposta, dirixida a público adolescente e adulto, baséase en contos narrados a dúas voces onde a música en directo cobra especial relevancia. Instrumentos como a guitarra, a kalimba, o goni ou o laúde árabe mergullan aos espectadores en historias reais, recollidas case todas en primeira persoa, contos sinceros e achegados que falan do fondo humano que nos une a todos. Sen caer en tópicos sobre a solidariedade e a cooperación, ‘Contos coas mans abertas’ é un espectáculo cheo de esperanza, de humor, de amor, de pequenas loitas e grandes soños. Son contos para mellorar o mundo e entendela mellor.

Mulleres da aldea, cooperantes, guerrilleiros sandinistas, vacas, inmigrantes do Magreb ou unha tribo de bosquimanos son algúns dos protagonistas das historias contadas por Marta Ortiz e Brais Gutiérrez, dous ensinantes de vocación que en 2006 xuntaron as súa inxenuidade pola narración oral no proxecto A Tropa de Trapo. Dende entón levan percorrido toda Galicia, e mesmo outras Comunidades Autónomas, facendo reflexionar a nenos, mozos e maiores cos seus diferentes espectáculos.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha rede que actualmente engloba a 96 Concellos e ás catro Deputacións de Galicia. Foi fundado en 1997 como un foro a través do que consensuar e concentrar os esforzos dos poderes locais galegos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Trátase deste modo de garantir unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos ambiciosos que teñan un verdadeiro impacto nos países do Sur e facilitar unha meirande sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional.

Desde a súa fundación, a asociación ten desenvolvido 125 proxectos en máis de 20 países, e organizado e editado multitude de actividades e materiais en relación aos desequilibrios existentes entre os países do Norte e do Sur. Ten garantido a presenza da solidariedade do pobo galego nas catástrofes que afectan a aqueles países do mundo con menor capacidade para as afrontar, con proxectos de reconstrución (como os casos de Sri Lanka, despois do maremoto de 2004, Cuba, despois dos furacáns de 2008 ou Gaza, despois dos bombardeamentos israelitas de finais de 2008 e primeiros de 2009). Na actualidade mantén aberta unha conta de emerxencia para a reconstrución do Haití.

SERVIZO DE COMUNICACIÓN
Carmen Novas 616 145 077
comunicacion@fondogalego.org

Contos coas mans abertas - A Tropa de Trapo**CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS**

06/06/2010	RAMIRÁS (Ourense) <i>Ramirás Solidario, inclúe exposición 'Os obxectivos do milenio'</i>	Centro Social e Cultural do Picouto	18.00 h
15/06/2010	ARTEIXO (A Coruña)	Centro Social do Frixol	19.00 h
20/08/2010	PORTO DO SON (A Coruña) <i>Xornadas Solidarias</i>		
24/08/2010	XOVE (Lugo) <i>Festas locais</i>		20.00 h
04/09/2010	FERROL (A Coruña) <i>III Certame Solidario</i>		
18/09/2010	SADA (A Coruña) <i>II Xornada de Voluntariado e Solidariedade en Familia</i>	Praza dos Irmáns Suárez Picallo	19.00 h
21/09/2010	CAMBRE (A Coruña) <i>Día Internacional pola Paz</i>		
01/10/2010	SALCEDA DE CASELAS (Pontevedra) <i>Peche ao Ciclo de Cinema Solidario e a exposición 'Os obxectivos do milenio'</i>	Casa da Cultura	18.00 h
05/10/2010	A ESTRADA (Pontevedra)	Teatro Principal (alumnos 2º Bach)	17.00 h
15/10/2010	CULLEREDO (A Coruña)	IES Cruceiro Baleares	11.00 h
18/10/2010	AMES (A Coruña) <i>Día Internacional da Pobreza</i>	IES de Ames	
20/10/2010	NIGRÁN (Pontevedra)	Escola Probal	11.30 h
29/10/2010	MOS (Pontevedra)		19.30 h
16/11/2010	VERÍN (Ourense) <i>Día Internacional da Tolerancia</i>	IES de Verín	
25/11/2010	CANGAS (Pontevedra) <i>Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra a Muller</i>	Casa da Bola	tarde
26/11/2010	CARBALLO (A Coruña) <i>Feira das Asociacións</i>		
10/12/2010	BURELA (Lugo) <i>Día dos Dereitos Humanos</i>	IES de Burela	
15/12/2010	ABEGONDO (A Coruña) <i>Festa dos Maiores</i>		12.30 h
21/12/2010	O VALADOURO (Lugo)	IES Alfoz – Valadouro	
22/12/2010	POIO (Pontevedra)	IES de Poio	09.00 h

www.tropadetrupo.blogaliza.org